

Fonte e lavadoiro da Cal

010079

Datos de Localización

Fonte

Nomenclator:	3200504
Coord. UTM:	X: 609574 Y: 4645530
Concello:	Baltar
Parroquia:	NIÑODAGUIA
Lugar:	Niñodagua
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de almacenamento
Subtipo:	Fonte



Denominación: Fonte e lavadoiro da Cal

Etapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

No barrio da Cal atópase este conxunto de fonte e lavadoiro. A fonte de perpiaño responde á tipoloxía de fonte da cano, presenta un estanque rectangular cos bordos en resalte e con rebaixes laterais para evacuar a auga. Sobre o estanque e a modo de frontal, hai un bloque de perpiaño con vertedor de auga con perfil curvo tamén de granito. No interior do depósito hai unha peza granítica fincada para apoiar os recipientes. A fonte ten unha peza rectangular de granito labrado con inscrición incisa e pintada en negra. Trátase dun engadido posterior que non formaba parte da estrutura orixinal.

O lavadoiro de perpiaño ten forma cadrada coas laxes dos bordos inclinadas para facilitar o lavado da roupa. En tres dos seus lados, vai rodeado por un muro de cachotería, en cuxo lado dereito ten unha repisa formada por bos sillares, para apoiar os utensilios das lavadeiras e o chan está enlousado en granito.

O conxunto ten diante unha pequena praza (hoxe cementada) e despois se conserva parte da canalización aberta e de granito que discorria por parte deste barrio e chamada a Canella da Cal.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos: Inscrición: "AÑO DE 1937 SIENDO ALCALDE JUAN SEOANE"

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Integral

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Aproveitamento doméstico da auga

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: A peza de granito labrado con inscrición engadiuse á estrutura orixinal da fonte no ano 1937.

Bens Móbiles









